

A NOSA SEÑORA DA XUNQUEIRA

www.axunqueira.com



Evanxeo segundo san Lucas (9,51-62)

Cando se ía cumprir o tempo de que o levantasen deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. O veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron:

- Señor, ¿queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?

Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea.

Polo camiño, díxolle un: - **Seguireite, vaias onde vaias.**

Respondeulle Xesús:

-As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.

Díxolle a outro: - **Sígueme.**

Pero el contestoulle: -Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.

Respondeulle: - Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus.

Outro díxolle tamén: - Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia.

Contestoulle: -Quen despois de pó-la man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.

Festa da Música

Grazas pola vosa colaboración

Campamento Parroquial

Animáte!

Venres 1 de xullo ás 21:00h.

Bo Verán

Non vós olvidades de min!

Síguenos

@a_xunqueira